

Programa Universitario de Maiores

Campus de Ourense
Facultade de Ciencias
Empresariais e Turismo
Bamio-A Lonia, s/n
32004 Ourense
Tel.: +34 988 387 102
asc-ou@uvigo.gal

Campus de Vigo
Facultade de Comercio
Rúa do Conde de Torrecedeira, 105
36208 Vigo
Tel.: +34 986 812 257
maiores@uvigo.gal

Campus de Pontevedra
Escola de Enxeñaría Forestal
A Xunqueira, s/n
36005 Pontevedra
Tel.: +34 986 801 702
maiores.pontevedra@uvigo.gal



UniversidadeVigo

Programa
Universitario
de Maiores

Tel.: +34 986 812 257
maiores@uvigo.gal
maiores.uvigo.es

uvigo.gal

Subvenciona:



CONSELLERÍA
DE POLÍTICA
SOCIAL



PROGRAMA

Universitario de Maiores

UniversidadeVigo

Centro de
Posgrao e Formación
Permanente

Programa
Universitario
de Maiores



Programa Universitario de Maiores

Descrición

Trátase dun proxecto de desenvolvemento sociocultural dirixido ás persoas maiores de 55 anos, con ou sen titulación, que favorece a súa incorporación á vida universitaria.

Con este programa enmarcado dentro do Centro de Posgrao e Formación Permanente, facilítaselles ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social, ao mesmo tempo que se potencian as relacións intra e interxeracionais.

Obxectivos do programa

- Fomentar a participación do estudantado na sociedade actual.
- Potenciar o seu labor como axente dinamizador do seu propio contexto sociocultural.
- Formar o estudantado no proceso de adaptación aos cambios da sociedade.
- Facilitar as relacións intra e interxeracionais.
- Garantir os instrumentos necesarios para a aprendizaxe ao longo da vida.

Perfil do alumnado de novo ingreso e estrutura

O programa organízase en dous ciclos:

- O primeiro, denominado ciclo intensivo, está formado por catro cursos e a el pode acceder calquera persoa con ou sen titulación.
- Ao segundo, denominado ciclo integrado, pódese acceder despois de cursar o ciclo intensivo ou ben estar en posesión dunha titulación universitaria.

Vantaxes para o estudantado

A estancia na Universidade de Vigo non só implica formación senón tamén aprendizaxe, cultura, relacións sociais, lecer e diversión. Desta maneira o noso estudantado goza de moitas vantaxes e ten acceso a diferentes actividades deportivas, culturais e de voluntariado, ademais de acceder á biblioteca, á formación complementaria e a moito máis.

Ciclo intensivo

Vai dirixido a todas as persoas maiores de 55 anos sen necesidade de ter unha titulación previa.

Organización e materias do ciclo intensivo

O ciclo intensivo ten unha carga académica de 60 créditos ECTS. O estudantado poderá cursar un máximo de 15 créditos por curso académico, e un mínimo de 9, distribuídos en dous cuatrimestres. En cada curso haberá unha materia obrigatoria por cuatrimestre que será necesario superar para pasar ao seguinte curso.

Os contidos das diferentes materias abarcan todos os ámbitos de coñecemento, son de carácter formativo-divulgativo e están adaptados para todos os niveis de formación do estudantado. Ademais, esta formación complementáase con diversas actividades de carácter sociocultural.

Nas táboas preséntanse as materias obrigatorias de cada campus e na web poderán consultar a ampla listaxe de materias optativas que teñen á súa disposición en cada caso (maiores.uvigo.es).

Materias obrigatorias do ciclo intensivo

Campus de Ourense

Ámbito	Materias	Curso	Cuadri- mestrre
Enxeñaría	Introdución á informática	1.º	1.º
Saúde	A importancia da saúde	1.º	2.º
Xurídico-social	Temas actuais de economía	2.º	1.º
Xurídico-social	Dereito básico	2.º	2.º
Ciencias	Ciencia, tecnoloxía e cultura	3.º	1.º
Humanidades	Intelixencia emocional	3.º	2.º
Humanidades	Diversidade paisaxística e cultural	4.º	1.º
Saúde	Dieta galega e saúde	4.º	2.º

Campus de Pontevedra

Ámbito	Materias	Curso	Cuadri- mestrre
Enxeñaría	Introdución á Informática	1.º	1.º
Saúde	Saúde física e psicolóxica nas persoas adultas maiores	1.º	2.º
Ciencias	Xadrez. Ximnasia para o cerebro	2.º	1.º
Xurídico-social	Claves para entender a publicidade	2.º	2.º
Xurídico-social	Europa: significado, historia e cultura	3.º	1.º
Ciencias	Introdución á ecoloxía evolutiva	3.º	2.º
Humanidades	Filosofía da ciencia e da tecnoloxía	4.º	1.º
Xurídico-social	Ciencia política, cidadanía e gobernanza	4.º	2.º

Campus de Vigo

Ámbito	Materias	Curso	Cuadri- mestrre
Enxeñaría	Introdución á informática	1.º	1.º
Saúde	Fisioloxía humana e saúde	1.º	2.º
Enxeñaría	Tecnoloxía do noso contorno	2.º	1.º
Xurídico-social	Aforro e investimento en economías domésticas	2.º	2.º
Saúde	Psicoloxía na idade adulta	3.º	1.º
Humanidades	Miguel de Cervantes: <i>Novelas exemplares</i>	3.º	2.º
Humanidades	Historia da ciencia, tecnoloxía e cultura	4.º	1.º
Ciencias	Pensamento racional e científico	4.º	2.º

Ciclo integrado

Vai dirixido a dous tipos de persoas:

- Ao alumnado que superase os estudos correspondentes ao ciclo intensivo ou programas universitarios equivalentes.
- Ás persoas maiores de 50 anos que, sen superar os estudos sinalados no apartado anterior, acrediten estar en posesión dun título oficial universitario ou legalmente equivalente.

O ciclo integrado permite cursar as materias pertencentes ás diferentes titulacións oficiais de grao da Universidade de Vigo nas que se oferten prazas específicas para o Programa Universitario de Maiores.

Organización e materias do ciclo integrado

O ciclo consta de 36 créditos ECTS. O estudantado poderase matricular nun máximo de 18 créditos en cada curso académico. A listaxe de materias actualízase cada ano. Máis información na páxina web (<http://maiores.uvigo.es>)

Os estudos levaranse a cabo xunto co estudantado matriculado nas correspondentes titulacións oficiais de grao da Universidade de Vigo, nas mesmas aulas e horarios, e en igualdade de circunstancias, agás a obrigatoriedade de participar nos procesos oficiais de grao (o profesorado indicará a forma de avaliación).

